


Faga que a súa vida ula mellor

Non estaba mal como anuncio publicitario.

Axiña empezou a chegar xente, a amarse ao seu redor, a interesarse polos seus perfumes, desexando abrir os botelliños para os probar...




- ¡Pero se isto ule a papas de arroz con canela! -dixo alguén.- ¡E este que acabo de poñerme cheira que alimenta a bocata de luras! -dixo outra persoa.

- O meu arrecende a chocolate quente e esepiño berrou unha terceira.

- ¡Ummmmm! ¡Que saboroso! Ven para acó logo, que eu agora ulo a churros renxentes e facemos boa parella —propuxo o cuarto.

E así moitos máis, todos a uliren a comidas e bebidas deliciosas.



Aquilo foi o éxito das fragancias ricas en calorías.

E foi así, sen comelo nin bebelo, como Mambrú se converteu de súpeto no cociñeiro dos perfumes máis sabedeiros do país.



Adaptación da obra de Xosé A. Neira Cruz - EDIC. PLANETA OXFORD



30 DE XANEIRO DE 2010 DIA DA PAZ

BIBLIOTECA CEIP DE Palmeira





Mambrú marchou á guerra
que dolor, que dolor,
que pena.
Mambrú marchou á guerra
non sei se volverá...
non sei se volverá.

Cando Mambrú volveu da guerra prometeuse que nunca máis había ser soldado.

- Hai moreas de traballos interesantes que me gustaría descubrir -dixo tentando esquecer a tolemia que viña de vivir.



Despois de moito pensalo, acordou que o que en realidade lle apetecía era ser perfumero.

Foi correndo á biblioteca, colleu un libro moi gordo dun andel e informouse sobre o



que lle cumpría facer para exercer ese oficio.

- Antes de nada, tes que mudar de uniforme. Ese que levas non pega nada co mester de perfumero -díxolle o libro coa súa lingua de papel-. Viste un novo traxe no que sobren as cores e non falten os petos. Para poder gardar neles centos de cousas útiles.

E Mambrú non parou ata que deu coa roupa apropiada.

- Agora pónteme a atrapar e mesturar os arrecendos máis ricos do mundo. Se o consegues e es quen de metelos en

botelliños de cristal, has ser o mellor perfumero de todos.

Meu dito, meu feito: velaquí tedes a Mambrú á procura dos ulidos que máis lle gustaban.

Uns, os máis fortes, atrapounos con rede e trueiro.

Outros, os máis pegañentos, recolleunos coa axuda dun desentupidor.

Habíaos mesmo tan finos que foi preciso empregar con eles unha peneira.

E para os máis sutís de todos recorreu ao aspirador.

Ao final, todos foron parar a cadanseu frasco con etiqueta.

Cando tivo unha boa colección dos olores máis ricos, Mambrú decidiu que chegara o momento de mesturalos para facer perfumes. Pasou moitos días, semanas enteiras, encerrado na súa casa, ata que unha mañá deu por cumprido o seu obxectivo.

Daquela marchou dereito cara á praza maior da vila montou nela un telderete e puxo un cartel con letras ben grandes a pregoar:

